

**POR UN PODEMOS GALICIA
EN FEMININO**

**EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA**

INTRODUCCIÓN

É prioritario facer políticas feministas. PODEMOS Galicia aposta por unha alta participación dentro do partido e por unha alta representación de mulleres nas institucións ás que se presente. Para isto, queremos comezar este documento sobre feminismos facendo unha homenaxe ás mulleres de Galicia.

A primeira antropóloga que percorreu as principais aldeas, vilas e cidades galegas de inicio do século XX, foi unha muller americana que escribiu un marabilloso libro que contén unha boa aproximación sobre a cultura galega. Con extraordinaria mestría, sensibilidade e tesón, Ruth Matilda Anderson fixo un retrato descritivo daquela Galicia pobre que a súa curiosidade e valentía obrigáballe a contar para deixar constancia ás mulleres vindeiras.

Na súa obra, acompañada por unhas fotografías en amarelo sepia propias de inicios de século, foi capaz de reproducir a vida cotiá das mulleres galegas: as súas cocifñas, os apeiros de labranza, as campesiñas vestidas de negro case ritual, litúrxico, cargando con sellas nas súas cabezas, as mulleres leiteiras que transportaban a súa mercadoría para ser vendida nas aldeas veciñas, algunhas delas obrigadas a camiñar durante catro horas para alcanzar a cidade máis próxima ou as tecedoras que fiaban o liño e logo facían as mazarocas, ou aquelas outras que sobre as súas cabezas portaban ás galiñas que sobresaían dun gran cesto..

Non deixou nada sen describir, fíxoo relatándoo e sen o mais mínimo pudor. Denunciou o alto nivel de analfabetismo na nosa terra, pero tamén retratou algunha das escasas escolas rurais onde as mestras ensinaban a ler e a escribir ás nenas que podían acudir a elas.

Todas elas mulleres galegas: campesiñas, labradoras, mariscadoras, mestras, costureiras, conserveiras, poetas, escritoras, soldadeiras (como María Balteira) cerilleras, cigarreiras como Amparo, protagonista central da Tribuna de Emilia Pardo Bazán, guerreiras como María Pita, traballadoras do muro e un longo etcétera

Mulleres sempre invisibles. Que pouco sabemos de tódalas nosas antepasadas! A Historia sinala que en maio de 1916 se crearon “As Irmandades da fala”. O que soubemos fai relativamente moi pouco é que as Irmandades contaban tamén cunhas “Irmandades femininas”, sen coñecer quen foron porque non se descubren as súas identidades.

O mesmo ocorre ao longo do século pasado coas mulleres militantes que loitaron pola República, moitas delas obrigadas a exiliarse, a fuxir da Ditadura. Enriqueta Otero, a mestra e guerrilleira lucense obrigada a vivir parte da súa vida no cárcere ou Mercedes

Núñez, nada en Bergondo, á que nun primeiro momento a Ditadura encarcerou en España e, unha vez no exilio, foi capturada polos nazis e obrigada a vivir en campos de concentración.

Ou as como “viúvas de vivos”. Mulleres da Galicia costeira que por mor do traballo no mar dos seus maridos ou da súa emigración non volvían velos por longos períodos de tempo ou, no peor dos casos, non volvían velos pola súa desaparición sen deixar rastros. Estas viúvas foron ben retratadas por Rosalía de Castro:

E tes corazóns que sufren
Largas ausencias mortás,
Viudas de vivos e mortos
Que ninguén consolará

Rosalía de Castro, *Follas novas*, 1880.

Pero, non podemos esquecer ás mulleres que nos rodean e que foron capaces de saír adiante ante calquera adversidade que se lle viñese enriba, a aquelas que crearon movementos para loitar contra as inxustizas do sistema e, en moitas das ocasións, obrigadas precisamente polos abusos cometidos desde as institucións públicas. Falamos das que coas súas accións puxeron en xaque a todo o narcotráfico galego, desde os anos oitenta ata a actualidade. Elas non tiveron medo á hora de enfrontarse cara a cara cos seus propios demos, os mesmos que contaban con consentimento calado e na sombra dos distintos gobernos populares.

Hai que darlle unha volta á política cunha visión máis federalista, máis feminista. Facendo política do común, como indicaba a economista Elinor Ostrom.

Pensar en soberanía é facelo sobre o medo, o resentimento. O federalismo supón empatía e sen empatía non é posible a democracia. Necesitamos un modelo público e solidario de xestións públicas. Debemos manter esa diversidade interna, ese goberno compartido. Debemos estar unidas, asumir a diversidade.

E un dos graves problemas ao que temos que facer fronte son as violencias machistas.

PODEMOS EN CONTRA DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

No que levamos de ano as cifras de asasinatos cometidos por violencia machista superan límites insospeitados. A normalización de tal cruel comportamento pon continuamente enriba da mesa a necesidade de que o actual Goberno leve a cabo o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. En España son 94 as vítimas desde que se aprobou o Pacto de Estado que precisamente, 28 de setembro, cumpriu un ano. En Galicia só no verán xa se cometeron tres asasinatos.

Segundo o último informe do Consello do Poder Xudicial, pertencente ao primeiro trimestre do 2018, atopámonos cos seguintes terribles datos en Galicia, segregados por provincias:

1º trimestre 2018	Mulleres vítimas de violencia de xénero	Denuncias recibidas
A Coruña	542	471
Lugo	134	130
Ourense	181	177
Pontevedra	488	476
Total	1.345	1.154

Durante o último trimestre do ano pasado, o total de mulleres vítimas foi de 1442 na nosa comunidade, mentres que o número de denuncias recibidas foi de 1493. Aínda que estas cifras son maiores, o número de asasinatos no que vai de ano está a indicar unha situación insostible e que desde as institucións democráticas teñen a obriga de frear.

A Folga das Mulleres que puxeron en marcha os movementos feministas o 8-M marcou un antes e un despois na historia do feminismo galego. As manifestacións foron masivas nas grandes cidades, pero tamén en pequenas vilas e localidades galegas onde mobilizarse resulta sempre unha gran dificultade. As violencias machistas supoñen un grave problema na actualidade e tamén preocupan as resolucións que desde

o poder xudicial están a tomarse con sentenzas que á cidadanía en xeral lles resultan incomprendibles como de xeito reiterado temos observado no caso dos violadores da Manada ou no de Juana Rivas.

Desde PODEMOS en Galicia esiximos cambios legislativos e que estes se fagan efectivos polos poderes públicos. Urxe un recoñecemento da violencia sexual estrutural. Hai que garantir medidas integrais para as vítimas. Ten que ser modificado o código penal. É fundamental adoptar medidas educativas e de formación. Falamos de educativas, porque se fai imprescindible a educación sexual en igualdade desde a Educación Primaria. Resulta tamén imprescindible a formación para os Corpos de Seguridade do Estado e da Xudicatura.

PODEMOS Galicia recoñece que a unión do movemento feminista é esencial para que o cambio se produza e cesen as violencias, pero pensamos que desde os medios de comunicación, tanto prensa como radio e televisión, ten que realizarse un cambio no tratamento dos casos da violencia machista. A utilización dunha linguaxe non discriminatoria e non sexista é esencial para atender informativamente as agresións ao facelas públicas.

A CARENCIA DE POLÍTICAS FEMINISTAS NOS GOBERNOS DO PP

Ao longo destes anos, vimos como as políticas feministas do Goberno Feijóo brillaron pola súa ausencia. O recorte en recursos económicos invalida calquera tipo de programación respecto diso. Non está dentro dos seus intereses rachar cos estereotipos de xénero nin loitar contra os modelos de muller que impón a publicidade sexista.

Tamén resulta preocupante a percepción do machismo por parte dos máis novos, estreitamente relacionado con que a educación non aborde cuestións craves como a educación sexual ou o respecto dos Dereitos Humanos das mulleres. A cuestión da violencia sobre as mulleres é algo estrutural que non depende de espazos rurais ou urbanos, da formación académica, ou da capacidade económica. Ademais, dentro das violencias que se exercen sobre as mulleres, hai que falar daquelas que o sofren pola súa condición de pertenza a colectivos sociais minoritarios, cor de pel, diversidade funcional, crenzas relixiosas, idade, etcétera. Os gobernos do Partido Popular en Galicia non queren apostar por políticas públicas feministas porque o patriarcado forma parte da súa esencia ideolóxica.

Doutra banda, o mantemento da división sexual do traballo fai que a discriminación laboral da muller leve a unha situación de desigualdade con respecto aos seus compañeiros homes no ámbito laboral. Rachar coa brecha salarial é un propósito e un obxectivo no noso programa. Para iso, hai que contar co compromiso dos axentes sociais e o Goberno á hora da planificación de medidas laborais que proporcionen unha transformación social.

Segundo o IGE, o número de mulleres en Galicia é de 1.400.751 sensiblemente maior que o de homes (1.300.219). Os últimos datos recollidos polo SEPE durante este último mes de setembro reflicten que o paro subiu máis en Galicia que no resto do Estado, en concreto, un 1,15% máis que a media estatal (0,64%). Respecto ao mes de agosto, o incremento afectou en maior número ás mulleres, exactamente, 1.457 mulleres máis sen emprego. En Galicia, a contratación predominante para o emprego feminino é a alta temporalidade. A isto hai que engadir aquelas que traballan na economía somerxida, empregos altamente precarios, abocadas a un presente cargado de incertezas e sen futuro, xa que a falta de cotización hoxe impedirá que contengan unha xubilación mañá. A esta situación chegamos pola inexistencia de políticas públicas que fomenten a creación de empregos dignos ou dito doutra forma: a falta de vontade por parte do Partido Popular de Feijóo de gobernar para todas.

A patoloxía demográfica que sofre Galicia, o crecente número de poboación cada vez maior unido ao seu empobrecemento, fai que as mulleres sexan un sector altamente vulnerable da poboación, vivindo con pensións moi baixas, cargas familiares, sen emprego ou cun emprego precario.

PROPOSTAS EN FEMININO

En PODEMOS Galicia temos un compromiso ineludible coa igualdade. Por todo isto queremos potenciar a Secretaría de Feminismos e LGTBI+ dentro da estrutura orgánica de PODEMOS Galicia e, o que resulta imprescindible, traballar de xeito coordinado co resto de Secretarías.

A Secretaria de Feminismos debe contar cunha estrutura apropiada e un orzamento suficiente. É urxente cambiar a situación actual na que as políticas de recortes dos gobernos do PP nos fixeron retroceder en igualdade e en dereitos.

É preciso:

- A desaparición da brecha salarial entre homes e mulleres.
- Desenvolvemento de políticas de igualdade e fomento do emprego de calidade para as mulleres da nosa comunidade.
- Levar a cabo coas organizacións feministas un plan de igualdade de oportunidades de emprego para as persoas do colectivo LGTBI+
- Impulsar plans de igualdade nos convenios colectivos negociados entre os axentes sociais en Galicia.
- Mellorar especialmente as reivindicacións do colectivo de mulleres que traballan no sector de coidados. É urxente, propiciar unha regulación que leve a mellora deste sector cada vez mais amplo da poboación na nosa comunidade.
- Especial atención ás mulleres que están sendo subcontratadas por empresas privadas desde as administracións públicas para realizar traballos en axuda a dependentes.
- Contribuír na mellora das pensións para as mulleres en Galicia.
- Aplicar o convenio de Istambul en canto a entender como delito as múltiples violencias que se están exercendo sobre as mulleres.
- Mostrar especial atención ás mulleres inmigrantes e refuxiadas.

Ademais, a isto debemos engadir todo o traballo non retribuído que realizan as mulleres no eido familiar. Tal e como apuntábamos no documento “Un mar de xente”, é imprescindible avanzar cara un modelo de organización social e económico que poña no centro ás persoas, que recoñeza o valor social dos coidados, que avance cara a corresponsabilidade e que facilite a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

CONSTRUIR UN PODEMOS GALICIA DIVERSO, PARA CONSTRUIR UNHA GALICIA DIVERSA

Dende Podemos partimos do convencemento de que a LGTBI+fobia, a violencia, o acoso, as agresións, a patoloxización, a discriminación e a exclusión laboral sufrida ao longo da historia polo colectivo LGTBI+ ven dado pola configuración machista e patriarcal da sociedade.

Desde PODEMOS Galicia propoñemos facer da diversidade un valor fundamental da sociedade galega. Un valor a protexer, promover e ampliar. Estamos convencidos de que as diferencias nos fan máis fortes.

Para lograr isto é primordial que construamos un PODEMOS Galicia diverso e que fagamos da diversidade un valor propio do partido en Galicia. As nosas inscritis e militantes compoñen a nosa principal ferramenta de cambio e so podemos chegar a ese cambio a través de todas. Temos que entender, coñecer e querer a diversidade, e facela parte do noso día a día. Facela formar parte da nosa Vida. Por esta razón é tan importante que ao longo dos nosos territorios propoñamos o debate e activemos a loita polos dereitos de todas.

Tan importante coma isto, é propiciar a aplicación da perspectiva feminista e interseccional no traballo da diversidade. O traballo dende a horizontalidade, máis que dende a verticalidade, debe ser o eixo que guíe a nosa forma de traballo. A discriminación non pode partir dende a perspectiva de que as distintas formas de discriminación son compartimentos estancos; máis ben trátase de vasos comunicantes que interaccionan entre si. Os distintos tipos de discriminación inflúen entre si e empeoran o status vital de calquera persoa.

PODEMOS Galicia debe ser a ferramenta a través da cal a sociedade galega recobre a súa memoria histórica LGTBI+. As leis franquistas deixaron a súa escura pegada e so curando a nosa historia podemos construír o futuro. A historia non pode seguir oculta.

Dende PODEMOS Galicia temos que plantear na sociedade galega a necesidade do dereito á libre determinación da identidade de xénero sentida, que parte do libre desenvolvemento da personalidade como dereito humano inalienable. Cada persoa debe ter dereito a escoller o seu camiño, non ser discriminada por iso, e a desfrutar das mesmas oportunidades de desenvolvemento persoal que todas. Trátase dunha cuestión de Dereitos Humanos. A sanidade galega debe facilitar, axudar, e apoiar ás persoas nese proceso, non dificultalo, nin impedilo. De aí a importancia de crear medios a través do cal isto sexa posible.

Só partindo dun cambio de perspectiva podemos lograr a desaparición da invisibilización que tradicionalmente sufriu todo o colectivo LGTBI+.

PODEMOS Galicia queremos ser o interlocutor dos colectivos LGTBI+, e que o proxecto do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero parta dunha estrutura horizontal e circular que poña no centro ás verdadeiras protagonistas; as que levan anos loitando polos dereitos LGTBI+. É importante incluír no debate a situación e a perspectiva do LGTBI+ no rural e recoller o movemento alternativo que se está construír como forma de disidencia sexual.

Só a través da colaboración entre todas, podemos avanzar cara o futuro que todas queremos. Avancemos xuntas, todas xuntas. Que non quede ningunha atrás.

EU ♥ FUTURO
PARA
GALICIA